


AULA DE NATUREZA "O
ESQUIÓ" DE 3º E 4º DO CEIP
"SACO E ARCE" DE TOÉN



DE AUGA E SOÑOS

UN RÍO CHEO DE VIDA

Contan os nosos pais e os nosos avós que en tempos non tan lonxanos, o río Miño era un río cheo de vida. A xente que viviu ou vive preto del, ó pé das súas ribeiras, sabe que o río para eles, a parte de ser unha estrada navegable, de aí as barcas do río..., iera unha despensa! Por el subían salmóns, anguías, troitas e lampreas... Había xente que viña á Praza de Abastos de Ourense a vender estes produtos... ¡Que boa estaba a empanada de anguías!

¿Por qué hoxe en día hai menos troitas, menos peixes, menos anguías e ningún salmón?... Pois, en primeiro lugar, un dos grandes causantes deste problema é a cantidade de encoros que hai no río, tales coma o de Castrelo, o de Frieira, o de Velle, e moitos mais... Tantos que o noso río pasa a ser un dos primeiros de España en cantidade de encoros no seu caudal... ¡E o cara que nos sae a luz!

Coas represas, os salmóns, as troitas e peixes non poden subir río enriba.

Pero tamén hai outro problema fundamental como é o da contaminación. Sí, este fenómeno ó que lle achacamos tódolos males. Deica fai pouco, os ríos eran os lugares onde se botaba toda clase de porcallada... ¡como a auga levaba todo...! Agora a xente, nós, estamos mais concienciados e procuramos coidar o ambiente e os nosos ríos...

A ver se algún día, comendo un bocata nas súas beiras... ¡ivemos pasar un salmón!

Río Miño

Río	Lonxitude	Nacemento	Desembocadura
Miño	310 Km	Fonte Miña (Neira)	A Guarda

O Río Miño é o mais grande de Galicia. Tanto pola súa lonxitude como polo seu caudal.

Nace en Fonte Miña, na serra de Neira, provincia de Lugo.

Pasa por Ourense

Os seus afluentes son: Pola dereita o Miñotelo, Anllo, Parta, Asma, Bubal, Barbantiño, Avia e Tea.

Pola esquerda o Luaces, Lea, Chanca, Neira, Sil, Loña, Barbaña e o Arnoia.

Verte as súas augas ó Océano Atlántico por Camposancos, Concello da Guarda (provincia de Pontevedra) ó pe de Santa Tegra.

O SIL

É o principal afluente do Miño.

Nace en Cueto Albo (León).

En Montefurado ten o cauce desviado nuns 3 Km (esta obra foi feita polos Romanos para buscar ouro).

Dise que o Sil pon a auga e o Miño a fama. Isto quere dicir que o Sil aporta ó Miño mais auga que a que este trae.

Xúntase co Miño na localidade de “Os Peares”

Galicia é o país dos dez mil ríos dicía Álvaro Cunqueiro e dende logo é certo.

Os ríos galegos por orde de lonxitude son:

Nº ORDE	RÍO	LONXITUDE	NACEMENTO	DESEMBOCADURA
1	Miño	310 Km	Fonte Miña (Neira)	A Guarda
2	Sil	225 Km	Cueto Albo (León)	Río Miño. Os Peares
3	Ulla	135 Km	Fonte Ulloa (Taboada)	Ría de Arousa
4	Tambre	134 Km	Montes de Bocelo (Sobrado)	Ponte Nafonso (Noia)
5	Arnoia	87 Km	S ^a de S. Mamede (Vilar de Barrio)	Río Miño por Arnoia
6	Eo	79 Km	Montes de Cábado (Baleira)	Ría de Ribadeo
7	Eume	77 Km	Montes de Xistral (Muras)	Ría Ares
8	Anllóns	70 Km	S ^a de Montemaior (Laracha)	Río Corme (Ponteceso)
9	Bibei	60 Km	Serra de Porto	Río Sil por Montefurado
10	Lérez	60 Km	Monte Coco (Forcarei)	Pontevedra
11	Umia	55 Km	Fillois (Forcarei)	Cambados
12	Lor	55 Km	Piedrafita do Cebreiro	Río Sil

Nesta lista faltan ríos como o **Támega**, que nace en Ourense na Alberguería a 900 m. Pero que a súa lonxitude de 171 Km. Transcorre a maior parte en Portugal xa que é un afluente do Douro. En Galicia unicamente ten 44 Km.

Tamén o **Limia** con 108 Km un río de provincia de Ourense que nace en Paradiña (Sarreaus) e desemboca en Viana do Castelo en Portugal, saíndo da Provincia de Ourense por Lobios. En Galicia unicamente ten 50 Km.


Tamén o río **Navia** con 159 Km que nace na Serra de Rañadoiro en Pedrafita do Cebreiro pero que desemboca na ría de Navia en Asturias. En Galicia ten unicamente 80 Km.

O RÍO DE SAN FIZ

O río de San Fiz nace na Tapada, pasa polo campo, Vieiro, San Fiz e a Tabona e desemboca no río Puga.

É un río cun caudal pouco abundante, chegando a secarse ,nalgúns tramos, no verán.

O río do meu pobo está bastante limpo, aínda que hai xente que, de vez en cando, bota nel aceite usado dos coches. Francis, 4º




O MEU RÍO PARA MIN É...

Un lugar onde o paso ben xogando e disfrutando da paisaxe. Francis 4º

O RÍO XESTOSA

Nace no monte Val de Castiñeiro. Percorre os prados e montes de Xestosa, pasando por Soutelo, para xuntarse e verter as súas augas no río de Puga. Ambos os dous ríos, xa mesturadas as súas augas, descorren sen deterse cara o pai Miño. Miriam, 4º



O MEU RÍO PARA MIN É...

Un xogo. Un xogo porque me divirto coa auga e pódome bañar nel.


Ademais coa súa auga podemos regar os prados.

O río danos vida. Miriam, 4º.

O RÍO PUGA

Recolle as augas dos dous afluentes: O Xesteira, que nace en Xestosa e o Fronca, que nace no Castro de Trelle.

Este río xúntase cos anteriores na Igrexa de Puga. Atravesa Puga e vai desembocar no lugar chamado Pazo, xa no noso pai Miño. Juan, 4º



PARA MIN O MEU RÍO É...

Un lugar no que me poido bañar, xogar coa auga, observar os peixes e a natureza.

O río... tamén pode ser un lugar para soñar... Juan, 4º


A NATUREZA

Temos que amar a campia
e non lle facer aldraxe.
¡Non encher de porquería
a beleza da paisaxe!

O que ama a natureza
ten que respetarlle a vida.
¡Non hai meirande beleza
nin emoción tan cumprida!

A natureza é amiga
e dános o seu amor;
¡dende a gracia dunha espiga
ó río marmurador..!

A natureza é un ben,
é compañeira e irmán.
¡E pró home sempre ten
o seu corazón na man...!



MANUEL MARÍA "AS RÚAS DO VENTO CEIBE"

ENCRUCILLADO

1. Muíño movido pola auga - - - -
2. Cubrir algo de auga - - - - - - - -
3. Boullón, erupción de auga - - - - -
4. Formar remuíños - - - - - - - - - -
5. Enchente de auga nun río - - - -
6. Lugar onde se recolle a auga dos ríos - - - - -
7. Caída da auga desde unha altura - - - - - - - -
8. Caverna ou gruta - - - - -
9. Pequena vila situada nu río - - - - -
10. recipiente onde se bota o gran - - - - -
11. Lugar intermedio entre o día e a noite - - - - - - - - - -
12. Corrente de auga encanada - - - - - - - -
13. Volta ou sinuosidade dun río - - - - - - - - - -
14. Ponte pequena de madeira, normalmente feita para
atravesar un regato - - - - - - - -

SOLUCIÓNS: acea, asolagar, cachón, arremuiñar, chea, conca, ferverza, furna, insua, moxega, luscofusco, levada, meandro, pontella